



**CIRCULAR 37-2018.- IV CAMPIONATO DE GALICIA JUNIOR/Sub20,
PROMESA/Sub23, ABSOLUTO E VETERÁN DE TRAIL.- A Pobra, 13 de maio
do 2018**

- A todas as Delegacións (*)

- A tódolos asembleístas

- A tódolos membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

Art.1) A Federación Galega de Atletismo e o Concello de A Pobra organiza o IV Campionato de Galicia de Trail que terá lugar o vindeiro domingo **día 13 de maio** do 2018 no Mirador da Curotiña (A Pobra).

Art.2) Poderán participar todos atletas nados no ano 2000 e anteriores que se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2017/18) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertenczan a Clubs de outras CCAA.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

- Segundo acordo de Asamblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que estean nacionalizados en España non poderán optar os podiums nos Campionatos Galegos.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 8 de maio do 2018.**

Art.4) Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba, segundo o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5) Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas de cada categoría sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.6) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.7). Horario, lugar de saída e distancia:

10.30h: Saída de Mirador da Curotiña (A Pobra). Distancia 22,8km aprox.

Art.8). Haberá postos de avituallamento para os participantes

Art.9) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, puidendo ser esta denegada.

Art.10). Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo, por esta orde, coas normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F.

Dolores Rojas Suárez
Secretaría Xeral da FGA



A Coruña, 23 de abril de 2018